

LXXXIV Campionato de Galicia Absoluto Masculino – LV Campionato de Galicia Absoluto Feminino

A celebración desta competición estará condicionada á evolución da pandemia do COVID-19, ao estrito cumprimento da normativa vixente no momento da celebración da competición e das directrices establecidas polas autoridades sanitarias sobre as medidas de prevención, mitigación e protección no referente a minimizar os riscos de contaxio.

Art.1) A Federación Galega de Atletismo organiza o LXXXIV Campionato de Galicia Absoluto Masculino – LV Campionato de Galicia Absoluto Feminino o día 17 e 18 de xullo en sede por determinar.

Art.2) Poderán intervir todos/as aqueles/as atletas que teñan ficha pola F.G.A. na tempada 2021.

Art.3.) Participación:

Valerán marcas feitas dende o 1 de novembro de 2020.

Limitacións Sub 16 e Sub 18:

Cada atleta so poderá participar nun máximo de 2 probas. En caso de participar en dúas carreiras só unha delas poderá ser superior a 200 metros. Os atletas de probas combinadas so poderán competir nelas.

Art.4) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA <https://isis.rfea.es/sirfea2/> ata as 20:00 horas do luns 12 de xullo do 2021.

O prazo para realizar as baixas será dende a publicación dos aceptados ata ás 10:00 horas do mércores 14 de xullo. Calquera baixa non comunicada en prazo a: competicion@atletismo.gal levará consigo a perda da cota de inscrición correspondente e unha multa de 3 euros.

Art.5) Haberá medallas para os tres primeiros clasificados de cada categoría tanto masculinos como femininos.

Art.6) Os atletas deberán utilizar o dorsal de forma totalmente visible en toda a súa superficie no peito, agás na pértiga que poderán levalo nas costas. O incumprimento desta norma será motivo de descualificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a colocación do dorsal para a colocación do dorsal.

Art.7).- Todos/as os/as atletas deberán pasar por cámara de chamadas. Os/as atletas saíran á zona de saída coa roupa de competición posta.

Art.8).- Cada atleta retirará o seu dorsal na cámara de chamadas. Co horario definitivo, publicarase o horario de cámara de chamadas, sendo imprescindible entregar na retirada a folla de Declaración Responsable.

Art.9).- O aforo será controlado e limitado. Establecerase para elo a petición de cita previa na páxina web de atletismo.gal, para os/as adestradores/as e delegados/responsables dos clubs participantes, una vez sexa publicada a relación definitiva de atletas admitidos.

Art.10) Horario pendente da evolución das restricións sanitarias por mor do COVID19 (publicarase 45 días antes do campionato)

Art.11).- Nos Campionatos de Galicia Individuais e por clubs, existirá unha cota de inscrición de 2 euros.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:

- Nas 24 horas previas e no propio campionato calquera baixa ou a non participación final no Campionato terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e comunicada previamente por escrito á FGA direcciontecnica@atletismo.gal
- Os posibles cargos derivados do incumprimento na comunicación das posibles baixas, seguirán as consideracións establecidas na normativa técnica da FGA para a tempada 2021.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Se non realiza a inscrición no prazo estipulado, deberá aboar 3 euros de recargo. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do director técnico, en función das características da proba onde se desexe inscribir o/a atleta, podendo ser esta denegada.

Art.13).- Todos/as os/as participantes deberán cumprir o protocolo COVID-19 establecido pola FGA, así coma as indicacións do Responsable COVID-19 da FGA.

Art.14).- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e W.A.

A Coruña, 5 de marzo de 2021

Carlos Castro Vicente

Secretario Xeral da Federación Galega de Atletismo